



**A POBRA
DO CARAMIÑAL
CONCELLO**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO "ASISTENCIA TÉCNICA NA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COWORKING DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL". SERVIZO EXPTE. 1926/2024

ASISTENTES:

Presidente: D. José Carlos Vidal Suárez, alcalde.

Secretario: D. Vicente Pérez Millán, funcionario interino administrativo de Administración Xeral.

Vogais:

D. Adrián J. Márquez Caramés, secretario en réxime de acumulación. (Asiste telematicamente)

D. Faustino J. Villamor Iglesias, interventor titular municipal.

D. Emilio A. Caínzos Quintás, técnico de Administración Xeral.

Reunidos na alcaldía do Concello da Pobra do Caramiñal, o día 8 de agosto, ás dez horas, previa a súa convocatoria reúnese a mesa de contratación para a apertura do sobre B, denominado, que contén a documentación administrativa e a oferta suxeita a criterios de adxudicación avaliados mediante xuízos de valor, do procedemento tramitado para a adxudicación do servizo, denominado sobre B, documentación administrativa e documentación avaliada por medio de xuízos de valor.

O expediente de contratación aprobouse pola resolución da alcaldía 2024-0684 do 12-07-2024, publicándose na Plataforma de Contratación do Sector Público na mesma data o anuncio de licitación xunto cos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas e demais documentación preceptiva.

Durante o prazo hábil presentáronse os seguintes licitadores:

1. PROMOVE CONSULTORIA E FORMACIÓN SLNE, CIF B70184882

A mesa de contratación procede á apertura do sobre B de PROMOVE CONSULTORIA E FORMACIÓN SLNE, que contén a documentación administrativa e a documentación relativa a criterios de adxudicación avaliados mediante xuízos de valor.

Compróbase que a documentación administrativa é conforme co establecido nos pregos de cláusulas administrativas, está rexistrado no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia co nº: 4032, polo que procede admitila ao procedemento, e en relación ao sobre B, a mesa considera que a súa valoración deberá efectuarse por técnico competente do departamento correspondente ao servizo que se licita, así se acorda que o técnico de emprego local valore o contido do sobre B, criterios de adxudicación





**A POBRA
DO CARAMIÑAL**
CONCELLO

avaliables mediante un xuízo de valor, consonte ao establecido no PCA, cláusula 12, no prazo de sete días hábiles e remita á mesa a súa proposta de valoración.

O presidente da por rematada a reunión 10 horas e trinta minutos e, para que quede constancia do tratado, redáctase a acta por min o secretario, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

Na data da súa sinatura dixital

A mesa de contratación

